Larix x marschlinsii Coaz, 1917

- lárice híbrido, alerce h.
- alerce híbrido
- alertze hibridoa
- làrix híbrid
- hybrid larch, Dunkeld larch
- lariço-híbrido, lariço-de-Dunkeld



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Pinopsida**	**Pinales**	**Pinaceae**	***Larix***

ORIXE

Europa central.

CARACTERÍSTICAS

Especie híbrida entre o alerce europeo (*L. decidua*) e o alerce xaponés (*L. kaempferi*). Árbore conífera caducifolia, que pode superar os 30 m de altura. O toro ten aproximadamente 1 m de ancho. As pólas son pálido-amarelentas, lixeiramente pubescentes e cubertas dun revestimento ceroso nos gromos. Os arumes son longos e azulados, semellantes ao alerce xaponés. As piñas miden entre 2,5 e 4 cm de longo e son de forma cónica. As escamas nas que se atopan as sementes enrólanse cara a fóra.

HÁBITAT

Normalmente atópase como árbore plantada en parques ou nas beiras das estradas. Prefire unha posición aberta e aireada nun solo lixeiro ou con grava e ben drenado. Tolera os solos ácidos e infértiles. Medra ben en ladeiras e pendentes de outeiros rochosos ou montañas.

DISTRIBUCIÓN

Europa occidental e central, principalmente no Reino Unido, Irlanda e outros países de clima temperado.

CURIOSIDADES

A resina extráese golpeando o tronco e ten unha ampla gama de usos, incluíndo conservantes de madeira, medicinais, etc. A codia é unha fonte de taninos.